

Actas das

II Xornadas

Olga Gallego de Arquivos

Os arquivos

da Administración local:

política, planificación

e sistemas fronte ao cambio

**Os Arquivos municipais
de Galicia e os profesionais:
Onde están, onde estamos?**

Olimpia López Rodríguez

Presidenta da Asociación de Profesionais
de Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros
de Documentación de Galicia (BAMAD-Galicia)

Os Arquivos municipais de Galicia e os profesionais: Onde están, onde estamos?

Olimpia López Rodríguez

Presidenta da Asociación de Profesionais de Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia (BAMAD-Galicia)

Estes dous días foron moi proveitosos, escoitamos ideas e aportacións sobre os arquivos das administración locais en Galicia e noutros territorios. Pero xa hoxe, no último día non queriamos deixar pasa a oportunidade de dar unha visión da situación dos arquivos municipais en Galicia dende a perspectiva dos profesionais, neste caso da Asociación de profesionais de Arquivos, Bibliotecas, Museos e Centros de Documentación de Galicia (BAMAD- Galicia)

Non pretendemos facer unha análise exhaustiva e pormenorizada de datos pero cremos que é necesario clarificar e concretar situacións das que teñen falado os e as relatoras . A maioría dos que estades hoxe aquí sabedes que a situación dos arquivos municipais non e boa, a pesar dos traballos e as intencións dalgunhas administracións, pero concretemos.

Comezaremos por un exame das políticas arquivísticas para os arquivos municipais das tres administracións territoriais: A Administración Xeral do Estado; a Xunta de Galicia e as administracións locais, continuaremos coa lexislación sobre arquivos municipais e remataremos coas conclusións.

■ Política da Administración Xeral do Estado para os arquivos municipais de Galicia

Neste momento podemos afirmar que practicamente é inexistente. A única implicación desta administración, ademais do censo guía, é aceptar depósitos dos arquivos municipais nos arquivos Históricos Provinciais:

No AHPLu se custodia o fondo antigo do concello de Lugo con máis de 3.000 unidades de instalación. Tamén se conserva parte do fondo do concello de Taboada con 10 caixas.

No AHPOu custodian documentación municipal de varios concellos da provincia, a maioría pertence a Ourense e Rivadavia

No AHPPo custodian 160 unidades de instalación do Concello de Pontevedra

Curiosamente cada arquivo histórico provincial custodia parte dos documentos municipais da capital da provincia, concellos que debería ter capacidade suficiente para xestionar o seu fondo documental.

Quizá neste apartado de políticas da Administración Xeral do Estado podamos incluír tamén a participación do Ministerio de Cultura na organización do II Congreso de Arquivos Municipais en Lugo no ano 2008.

Pouco máis podemos engadir sobre o grao de implicación desta administración.

■ Política da Xunta de Galicia para arquivos municipais

Xa puidemos escoitar como a Xunta de Galicia ten desenvolvido a súa política arquivística para os arquivos municipais no relatorio exposto nestas xornadas. En 1988 iniciáronse unhas campañas para organizar estes arquivos contando coa participación de bolseiros.

Revisamos as convocatorias destas bolsas dende 1988 ata o anos 2014 e podemos dicir que se actuou sobre practicamente todos os concellos das provincias da Coruña, Lugo e Ourense . A provincia de Pontevedra quedou baixo a responsabilidade da Deputación e realizaron actuacións conxuntas a través de convenios entre ámbalas dúas administracións.

Nestes 26 anos pois realizáronse inventarios en case todos os municipios das tres provincias. Pero, como xa nos contaron, están pendentes as actualizacións destes instrumentos de descrición pechados nas datas que remataron as bolsas. Por exemplo os arquivos de Becerreá, de Navia de Suarna ou Pedrafita do Cebreiro organizáronse no ano 2002, isto supón que quedan pendentes de inventariar os documentos dos últimos 14 anos, e máis atrás debemos remontarnos no caso das actuacións de finais do oitenta e dos noventa do pasado século.

Algúns destes inventarios pódense consultar no Portal de Arquivos da Xunta de Galicia. Vexamos cales: sérvennos como exemplos os inventarios das provincias da Coruña e Lugo:

A provincia de Lugo está conformada 67 municipios contan con inventarios dispoñibles neste portal 24 municipios

A provincia da Coruña está conformada por 93 municipios: inventarios dispoñibles 33.

O formato de acceso é un pdf, formato que non axuda a actualización dos traballos nin a propia consulta. Temos que recordar que estamos a falar sempre de inventarios, en ningún caso de descrición no nivel de unidade documental, fundamental para a localización, para a xestión da documentación administrativa e para posibles traballos de dixitalización.

■ Políticas arquivísticas da Deputacións Galegas e dos concellos de Galicia

A implicación da Deputación de Pontevedra xa quedou exposta nestas xornadas, e as políticas das outras tres deputacións son inexistentes, polo menos non tivemos noticias nestes últimos 40 anos.

Da implicación dos concellos tampouco é que podamos presumir:

Contan con persoal arquivista na provincia da Coruña: A Coruña, Ortigueira, Ferrol, Pontedeume, Betanzos, Ribeira, Oleiros, Culleredo, Ames, Arteixo, Bergondo, Cambre, e A Laracha. Hai que ter presente que algunhas delas son prazas mixtas, de arquivista-bibliotecario. En total 13 concellos de 93, a verdade que a ratio é francamente mala, e máis se a isto engadimos que Santiago de Compostela non figura nesta relación.

En Pontevedra contan con persoal arquivista: Pontevedra, Ponteareas, Tui e Bueu. Dos 62 municipios desta provincia contan con arquivista 4. Nesta lista non está Vigo, a cidade máis poboada de Galicia.

Seguimos con Lugo, contan con persoal arquivista: Lugo, Foz (media xornada) e Monforte de Lemos, que é unha praza mixta. De 67 concellos contan con arquivista 3.

E rematamos con Ourense, nesta provincia de 92 municipios e só conta con persoal arquivista a capital, Ourense.

Pouco máis hai que engadir.

■ Lexislación

Neste momento non contamos cunha lexislación que estableza que municipios deberían contar con prazas de arquivistas o arquivistas. No anteproxecto da actual lei de arquivos e documentos de Galicia recollíase a obriga de que os concellos de máis de 10.000 habitantes contaran cun arquivo ao cargo dun/dunha arquivista/a cualificado/a con titulación universitario (actualmente uns 57 municipios).

Esta obriga desapareceu no proxecto de lei. Non sabemos porqué se suprimiu xa que a FEGAMP nas alegacións referidas a este artigo, non pediu que se retirase, só comentaron que esta medida *"terá unha incidencia económica nos concellos de máis de 10.000 habitantes, aínda que se comparte a medida introducida"*, e indican que o anteproxecto non concreta o motivo da imposición.

■ Conclusións

Despois de expoñer as políticas e a lexislación a única conclusión posible sobre os arquivos municipais de Galicia é que se atopan nunha situación obxectivamente mala. Quizais non tan mala como aquela que reflectía o meritorio traballo titulado: *Informe preliminar sobre el estado actual de los archivos municipales en Galicia*, publicado nas Actas das I Xornadas de Arquivos, Bibliotecas, Centros de Documentación e Museos de Galicia. ANABAD-GALICIA, en 1987, pero non podemos esquecer que pasaron case 30 anos.

Das políticas arquivísticas desenvolvidas para os arquivos municipais pola Administración Xeral do Estado, e polas Deputacións da Coruña, Lugo e Ourense non puidemos facer ningún estudo porque, xa vimos, non existen

Sucedo os mesmo coas políticas arquivísticas dos concellos de Santiago de Compostela e de Vigo e da maioría dos concellos de Galicia.

Sobre a política da Deputación de Pontevedra, moi encomiable, sobre todo neste contexto, xa os propios relatores fixeron esa revisión e entenden que a intervención deste organismo non pode substituír as responsabilidades dos concellos pero a Deputación si debería colaborar en crear dinámicas que empuxen aos concellos a asumir como propias estas tarefas, aínda que sexa con solucións diferentes atendendo as capacidades de cada un deles.

Respecto a política da Xunta de Galicia podería parecer que en este case deserto é un oasis, pero non podemos esquecer que estamos a falar das competencias dunha comunidade autónoma histórica e que as exerceu durante case 3 décadas. Chama a atención que nestes últimos 30 anos non teña habido cambios no xeito de abordar as políticas arquivísticas, sendo a contratación de bolseiros e as subvencións para dotar aos arquivos municipais as intervencións únicas da administración autonómica.

Pero neste panorama que papel temos as asociacións?:

En primeiro lugar debemos volver poñer sobre a mesa esta mala situación e traballar para que estas demandas entren na axenda pública, xa o fixemos en 1987, cando a nosa asociación xa alertou do perigo no que se atopaba o patrimonio documental municipal de Galicia.

Debemos esixir a implicación de concellos e deputacións no desenvolvemento dos arquivos municipais, quizais buscando solucións diferentes para as diferentes situacións. Tamén entendemos que son necesarios cambios na política da Xunta de Galicia, xa que nestes anos, coa aplicación das políticas sinaladas e cos recursos empregados non conseguiu que os concellos entenderan como unha necesidade destinar recursos a organización do seu servizo de arquivo, nin sequera nos concellos mais poboados de Galicia.

Entendemos tamén que non podemos demandar o mesmo grao de implicación dun concello de menos de 2.000 habitantes que do Concello de Vigo, que as responsabilidades non son as mesmas no caso da Xunta de Galicia ou no caso do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

Que as Deputacións deben cumprir o seu papel e asesorar e amparar aos concellos que teñen máis dificultades para organizar os seus arquivos.

Que precisamos de actuacións coordinadas de todas as administracións implicadas e dunha lexislación que esixa que os arquivos municipais conten con profesionais.

Que debemos abordar novos retos como facer máis visible, próxima e transparente a administración local, ou a implantación da administración electrónica e do arquivo electrónico, pero para asumir este desafío precisamos que os arquivos dos concellos funcionen.

Sabemos que é difícil, falarannos da mala situación económica, que queda moito por facer, pero debemos seguir a traballar para crear a necesidade democrática da existencia dos arquivos municipais.

Hoxe quería compartir con todos vos que volveremos contactar coas administracións implicadas: en especial coas Deputacións e coa Xunta de Galicia para atopar posibles camiños que nos permitan acadar solucións.

Debemos actuar con ambición xa que o noso papel como asociación é ser motor de transformación, instrumento social que axude a canalizar as demandas dunha nova realidade, e, permítide que o diga, porque non queremos no ano 2046 organizar outras xornadas para falar da mala situación dos arquivos dos concellos.

